



ACTA DO X PLENO DO CONSELLO DE COMUNIDADES GALEGAS

Por Resolución do 15 de marzo de 2012, da secretaría Xeral da Emigración, fíxose pública a convocatoria e a orde do día da reunión do X Pleno do Consello de Comunidades Galegas.

Sendo as 9:00 horas do día 28 de xuño de 2012, reúnense no Pazo de Congressos e Exposicións de Santiago de Compostela, os participantes no X Pleno do Consello de Comunidades Galegas.

Preside o Pleno do Consello de Comunidades Galegas o Presidente da Xunta de Galicia, D. Alberto Núñez Feijoo.

Asisten:

- A Presidenta do Parlamento de Galicia, D^a. Pilar Rojo Noguera.
- O Delegado do Goberno de España en Galicia, D. Samuel Jesús Juárez Casado.
- O Conselleiro de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, D. Alfonso Rueda Valenzuela.
- O Conselleiro de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, D. Jesús Vázquez Abad.
- O Conselleiro de Economía e Industria, D. Javier Guerra Fernández.
- A Conselleira de Traballo e Benestar, D^a. Beatriz Mato Otero.
- A Conselleira de Sanidade, D^a. Rocío Mosquera Álvarez.
- O Presidente do Consello da Cultura Galega, D. Ramón Villares Paz.
- O Secretario Xeral da Emigración, D. J. Santiago Camba Bouzas.
- O Secretario Xeral para o Deporte, D. José Ramón Lete Lasa.
- A Secretaria Xeral para o Turismo, D^a. M^a. Carmen Pardo López
- O Presidente da Diputación Provincial de A Coruña, D. Diego Calvo Pouso.
- O Presidente da Diputación Provincial de Pontevedra, D. Rafael Louzán Abad.
- O Vicerreitor de Estudantes, Cultura e Formación Contínua da Universidade de Santiago de Compostela, D. Francisco Durán Villa.
- O Vicerreitor de Relacións Internacionais da Universidade de Vigo, D. Manuel Fernández Iglesias.
- Os representantes de 129 Comunidades Galegas acreditadas para a participación no Pleno, que figuran como anexo I da presente acta.



X Pleno do Consello de Comunidades Galegas

Santiago de Compostela

28 e 29 de xuño de 2012

Asisten como invitados á celebración do Pleno:

- D. Fernando Amarelo de Castro, ex-secretario xeral da Emigración.
- D. José Luis González Sobral, ex-director xeral de Comunidades Galegas
- D. Alejandro López Dobarro, Delegado da Xunta de Galicia en Arxentina.
- D. José Luis Castelao Bragaña, ex-director-xerente da Fundación Galicia Emigración.
- D^a. Regina Jallas Figueira, Presidenta da Sociedade Recreio dos Anciáns Asilo da Velhice Desamparada de Río de Janeiro.
- D. Ramiro Vieito Vilas, Coord. Federal das Entidades Galegas en Alemania.
- D. Sergio Toledo Bueno, Presidente da Federación de Sociedades Galegas de Cuba.
- D. Pedro Hombre Pombo, Presidente da Federación das Sociedades Galegas na Suiza.
- D. Francisco Lores Mascato, Presidente de Federación de Asociacións Galegas na República Arxentina.
- D. Jorge Expósito Domínguez, Presidente da Asociación de Empresarios Gallegos en Uruguai.

D. Ramón Brigos Fernández, funcionario da Secretaría Xeral da Emigración, que actuará como secretario do Pleno do Consello de Comunidades Galegas.

1.- Primeiro punto da orde do día: Constitución do Pleno e apertura da sesión.

O Presidente do Pleno do Consello de Comunidades Galegas, D. Alberto Núñez Feijoo, unha vez comprobado a existencia de quorum, declara constituído o Pleno.

O Presidente abre a sesión dando a benvinda a os representantes das comunidades galegas do exterior a súa terra e agracede as autoridades presentes a súa presenza e participación no X Pleno do Consello de Comunidades Galegas.

Diríxese ao Pleno. O seu discurso figura como anexo II desta acta.

Remata a súa intervención animando á unión ou fusión de entidades. Salientando que, aínda que, dende a celebración do Consello de 2009 en Montevideo pasaron moitas cousas en España, Galicia segue estando onde estaba, que nos momentos de dificultade é donde se ve a capacidade de resposta dunha terra coma a nosa. Trasládalle aos asistentes a certeza de que estamos en condicións de seguir traballando para que no próximo Pleno se teñan olvidados os malos datos das circunstancias económicas actuais.

Ao remate da intervención do Presidente, interprétase o Himno Galego.



X Pleno do Consello de Comunidades Galegas

Santiago de Compostela

28 e 29 de xuño de 2012

A continuación faise un breve receso e o Presidente da Xunta de Galicia e demais autoridades despídense dos asistentes.

As 10:05 horas reanúdase a sesión. O Presidente do Pleno, D. J. Santiago Camba Bouzas, secretario xeral da Emigración, dalle a palabra ao Vicerreitor de Relacións Internacionais da Universidade de Vigo, D. Manuel Fernández Iglesias.

Intervén dicindo que a galegitude so tén sentido se as novas xeracións se incorporan e poden sentir esa galegitude, aínda que non nacidos en Galicia, posúen o valor engadido de querer pertencer a unha comunidade, a Galega, que engloba a todo o Mundo.

Remata dicindo que a través da promoción da oferta educativa as Universidades galegas, ábrese ao exterior, xa que dende a Universidade conséntase que hai fóra un grande interese de seguir participando desa Galicia Universal.

Unha vez rematada a intervención do Vicerreitor de Relacións Internacionais da Universidade de Vigo, D. Manuel Fernández Iglesias, o Presidente dalle a palabra ao Vicerreitor de Estudantes, Cultura e Formación Contínua da Universidade de Santiago de Compostela, D. Francisco Durán Villa.

Na súa intervención comeza dicindo que constitúe para él é unha honra o poder saudar aos representantes das Comunidades Galegas establecidas fóra de Galicia na inauguración do X Pleno do Consello de Comunidades Galegas en representación da Universidade de Santiago de Compostela.

Di que no preámbulo da Ley de Recoñecemento da Galegitude promulgada o 15 de xuño de 1983, recoñécese explícitamente que a comunidade galega está presente non só na súa terra, senon tamén na Galicia da emigración. O espírito asociativo dos galegos lévanos a constituir fóra de Galicia auténticas Comunidades que serven de vínculo de unión e comunión coa terra galega.

Estas comunidades agrupadas e organizadas en torno a centros e entidades pretenderon dar resposta ás necesidades e demandas das nosas e nosos emigrantes en consonancia co momento histórico e coas peculiaridades das sociedades de acollida.

Continúa a súa intervención dicindo que no tránsito dos anos cincuenta aos sesenta, Europa e outras provincias de España convertéronse nos novos destinos da nosa emigración. O centro galego converteuse no único recinto cultural de socialización para as nosas e nos inmigrantes, o centro será tamén o instrumento de presión e reivindicación para a dotación dunha infraestrutura educativa española que facilite o retorno, de selo caso, da segunda xeración.

Chegado a este punto, indica que non pode menos que deixar constancia pública do agradecemento á colectividade galega de Londres, a que se incorporou no marco do movemento de reagrupación familiar no lonxano xuño de 1969.

Continúa dicindo que a sociedade glogal converteunos en terra de inmigración, facéndonos partícipes dun amplo abano de culturas que non ven máis que a enriquecernos como persoas e como colectivo. Sen embargo, a difícil realidade económica actual está a xerar o retorno dos que chegaron a partir dos anos oitenta e alimenta unha corrente de saída na que teñen un especial



X Pleno do Consello de Comunidades Galegas

Santiago de Compostela

28 e 29 de xuño de 2012

protagonismo os universitarios. Mozos e mozas con estudos superiores, un novo modelo de emigrante, moi diferente ao das etapas anteriores ao que as colectividades debedes acoller. A súa presenza pode axudar a reforzar ou atraer os vínculos con Galicia das xeneracións que medraron nos países de acollida, porque dispoñen dos recursos necesarios para achegarlles á realidade da Galicia do Século XXI, máis próxima as súas mentalidades e inquedanzas.

Indica que nestes procesos hai que actuar conxuntamente para elevar o nivel de educación das novas xeracións de galegas e galegos. As colectividades no exterior son unha das nosas mellores cartas de presentación e o gran aval do que dispoñemos para presentarnos e introducirmos nos vosos países de residencia. Necesítase colaborar na formación, na investigación e na transferencia de coñecemento.

Finaliza a súa intervención facendo cita das verbas de Rafael María de Labra no tránsito entre os Séculos XIX e XX: “Galicia non se pode entender sen América”. Hoxe teríamos que dicir que Galicia non se pode entender sen as colectividades galegas residentes no exterior dos límites da Comunidade.

Toma a palabra o Presidente do Consello, o cal agradece as anteriores verbas. A continuación dalle a palabra ao Presidente do Consello da Cultura Galega, D. Ramón Villares Paz.

Comeza agradecendo o poder participar, unha vez máis, nunha sesión do plenario e saudando aos presentes.

Na súa intervención quere facer patente que non existen fronteiras xeográficas cando se forma parte dunha colectividade tan grande como é a galega.

Dende o Consello da Cultura Galega vense traballando na preservación do patrimonio cultural que as Comunidades Galegas no exterior fixeron e trabállase na intención de desenrolar esa riqueza que tan xenerosamente aportaron a Galicia. Di que un dos seus fins é o de atender á conservación da cultura de aquí pero tamén da que reside fóra de Galicia.

Continúa dicindo que nada que teña sucedido na Galicia contemporánea é alleo a emigración. No seo do Consello da Cultura Galega abriuse unha liña de investigación e interpretación do fenómeno migratorio en Galicia. Di que ao seu entender a alta cultura galega tivo, no seu momento, un ánimo menospreciante acerca do fenómeno da emigración. A alta cultura galega tende a considerar a emigración como fracaso. Mostrando o seu desacordo con este pensamento.

Co motivo do ano de Celso Emilio Ferreiro fíxose un debate dentro do Consello da Cultura Galega acerca dos galegos no exterior e no que se recoñeceu explícitamente que debe estar no debate político, territorial e ideolóxico de Galicia a importancia que tivo para Galicia a emigración, pero que aínda falta dar un paso: a institucionalización da memoria da emigración.

Rematada a súa intervención, toma a palabra o Presidente e agradece as verbas do Presidente do Consello da Cultura Galega, D. Ramón Villares Paz.



2.- Segundo punto da orde do día: exposición das liñas de actuación da Secretaría Xeral da Emigración.

O secretario xeral da Emigración diríxese ao Plenario do Consello dando comezo a lectura da súa intervención, figura como anexo III desta acta.

Unha vez rematada a súa intervención, e sendo as 11:15, faise un breve receso.

3.- Terceiro punto da orde do día: exposición dos textos dos relatorios establecidos pola Comisión Delegada na súa última reunión.

Sendo as 11:45, o Presidente toma de novo a palabra para indicar que se vai a proceder á lectura dos relatorios que se van a debater polas catro comisións de debate.

Da a palabra aos seguintes lectores-relatores dos distintos relatorios para facer unha breve escolma do seu contido e interveñen na seguinte orde:

1º. Na ponencia correspondente a “Cultura” interveñen o Presidente do Consello da Cultura Galega, D. Ramón Villares Paz.

2º. Na ponencia correspondente “A Galicia Exterior no Século XXI”, interveñen: D. Juan Santos Gastón, Presidente da Comunidade: Hijos de Arentey y Centro Villamarín perojano mutual, cultural y recreativa; D. Manoel Carrete Rivera, Presidente do Centro Galego de Barcelona; D. Jorge Expósito Domínguez, Presidente da Asociación de Empresarios Gallegos en Uruguay; D. Francisco Javier Ropdríguez Siaba, responsable do Portal Web: “Galiciaaberta”.

3º. Na ponencia correspondente a “Políticas Socio-Asistenciais”, interveñen: D. Ramón Brigos Fernández, subdirector xeral de Programas Sociais; D. Rafael Gil Malvido, Presidente do Hogar Gallego para Ancianos de Buenos Aires; D^a. Regina Jallas Figueira, Presidenta Sociedade Recreio Dos Anciãos Asilo Velhice Desamparada de Río de Janeiro; D. Manuel Ramos Pérez, Presidente da Casa de Galicia de Montevideo.

4º. Na ponencia de “Galeguidade. Desenvolvemento normativo”, interveñen D. Ildelfonso de la Campa Montenegro, Xefe de Gabinete da Secretaría Xeral da Emigración.

O contido dos relatorios figura como anexo IV da presente acta.

Toma de novo a palabra o Presidente. Agradece a todos os intervintes a exposición que fixeron, e pon en coñecemento dos asistentes que a continuación se van constituir as diferentes comisións de debate nas salas de traballo habilitadas.

De seguido, sendo as 13:35, levanta a sesión do Pleno.



4. Cuarto punto da orde do día: Estudo dos relatorios e comunicacións presentados en comisión de traballo e preparación de conclusións.

Sendo as 13:40 horas constitúense as catro comisións de traballo acerca do estudos dos relatorios presentados ao Pleno. Compoñen as mesas das sesións de debate as seguintes persoas:

a) RELATORIO “GALEGUIDADE. DESENVOLVEMENTO NORMATIVO”

Sala *Valentín Paz Andrade*

Presidente Moderador: Enrique Repiso Muriedas (Sociedad Cultural Rosalía de Castro La Habana – Cuba)

Lector- Relator: Ildefonso De la Campa Montenegro

Secretaria: M^o Rosario García Villadangos

b) RELATORIO “A GALICIA EXTERIOR NO SÉCULO XXI”

Sala *Ramón Piñeiro López*

Presidente – Moderador José Antonio Otero Hermida (Centro Gallego de Santander)

Lectores-Relatores:

- Santos Gastón Juan (Hijos de Arantey y Centro Villamarín Perojano Mutual, Cultural y Recreativa. Buenos Aires – Argentina)
- Manuel Carrete Riveira (Centro Gallego de Barcelona)
- Jorge Expósito Domínguez (Asociación Empresarios Gallegos Uruguay)

Secretario: Andrés Castro Bande

c) RELATORIO “POLÍTICAS SOCIO-ASISTENCIAIS”

Sala *Lois Pereiro*

Presidente-Moderador: Antonio Piñón Martín (Hermandad Gallega de Venezuela)

Lectores-Relatores:

- Manuel Ramos Pérez (Casa de Galicia de Montevideo)
- Rafael Gil Malvido (Hogar Gallego para Ancianos, Buenos Aires – Argentina)



- Regina Jallas Figueiras (Sociedade Recreio dos Anciãos para Asilo da Velhice Desamparada, Río de Janeiro – Brasil)

Secretario: Argimiro Ríos Iglesias

d) RELATORIO “CULTURA”

Sala *Uxío Novo Neyra*

Presidente-Moderador: José Ignacio Paz Bouza (Centro Gallego de Salamanca)

Lector-Relator: Ramón Villares Paz (Presidente do Consello da Cultura Galega)

Secretario: Carlos Santiso Barros

Constituídas as comisións e sendo as 14:00 horas, levántanse as sesións de traballo.

Sendo as 16:30 horas, reanúndanse os traballos de debate nas diferentes comisións, ata as 20:00 horas cun breve receso de 30 minutos realizado as 18:00 horas.

Sendo as 9:00 horas, do día 29 de xuño de 2012, reiníciáanse os traballos de debate e o proceso de redacción de conclusións as ponencias presentadas nas diferentes comisións, ata as 12:30 horas, cun breve receso as 10:30 horas.

5. Quinto punto da orde do día: elección dos membros da Comisión Delegada para o trienio 2012-2015.

Sendo as 11:20 horas do día 28 de xuño, constitúese a Comisión Electoral para a elección de membros da Comisión Delegada en representación das Comunidades Galegas para o período 2012-2015. A Comisión Electoral está composta por:

- D. J. Santiago Camba Bouzas, como Presidente.
- D^a. María García Vaamonde, vogal.
- D^a. M^a. Begoña Solís Domínguez, vogal.
- D. Segundo Gerardo Riobo Calvo, vogal.
- D. Ramón Brigos Fernández, como secretario.

As 11:30 horas procédese á publicación do censo electoral e ábrese o prazo de presentación de reclamación ao mesmo. As 14:00 horas péchase o prazo de presentación de reclamacións, sen que se teña recibido ningunha.



X Pleno do Consello de Comunidades Galegas

Santiago de Compostela

28 e 29 de xuño de 2012

Sendo as 18:00 horas do 28 de xuño de 2012, ábrese o prazo para presentación de candidaturas para a elección de membros da comisión delegada do trienio 2012-2015, que se mantivo aberto ata as 20:00 horas.

As 20:30 horas procédese á publicación das candidaturas presentadas polas distintas áreas xeográficas de elección e ábrese ata as 22:00 horas o prazo de reclamacións as mesmas.

As candidaturas presentadas foron as seguintes:

ESPAÑA

ENTIDADE	COMUNIDADE AUTONOMA
CASA GALICIA DE CADIZ	ANDALUCÍA
LAR GALLEGO DE SEVILLA	ANDALUCIA
CENTRO GALLEGO DE SANTANDER	CANTABRIA
CENTRO GALLEGO DE SALAMANCA	CASTELA LEÓN
AGRUPACIÓN CULTURAL GALEGA SAUDADE	CATALUÑA
CENTRO GALLEGO DE BARCELONA	CATALUÑA
CENTRO GALLEGO DE MURCIA	MURCIA
AGRUPACIÓN HIJOS DE GALICIA EN SESTAO	PAIS VASCO
CENTRO GALLEGO DE CASTELLÓ "O ATURUXO"	VALENCIA

EUROPA

ENTIDADE	PAIS
CENTRO CULTURAL GALLEGO DE CUXHAVEN, e.V.	ALEMANIA
CENTRO CULTURAL GALLEGO DE FRANKFURT	ALEMANIA
ASOCIACIÓN CULTURAL CASA DE GALICIA DE ANDORRA	ANDORRA
CENTRO GALLEGO DE BRUXELAS	BELXICA
S.C.R. O LAR GALEGO DE ROTTERDAM	HOLANDA
XUVENTUDE DE GALICIA, CENTRO GALEGO DE LISBOA	PORTUGAL
CENTRO GALEGO DE LONDRES	REINO UNIDO
SOCIEDADE GALEGA SEMENTEIRA	SUIZA

AMÉRICA-OCEANÍA

NOME ENTIDADE	PAIS
ASOCIACIÓN UNIÓN DEL PARTIDO JUDICIAL DE ORDENES	ARXENTINA
CENTRO NOIA RIANXO, ASOCIACIÓN CIVIL	ARXENTINA
A.C. CABALLEROS DE SANTIAGO SALVADOR DE BAHÍA	BRASIL
SOCIEDADE CULTURAL ROSALÍA DE CASTRO	CUBA
PEÑA DE GALICIA EN CALIFORNIA	ESTADOS UNIDOS
CENTRO GALLEGO DE MONTEVIDEO	URUGUAI
UNIÓN HIJOS DE MORGADANES RESIDENTES EN EL PLATA	URUGUAI
HERMANDAD GALLEGA DE VENEZUELA	VENEZUELA

Dona Olegaria Dourado Mosquera, representate do Centro Noia Rianxo, Asociación Civil (Arxentina) presenta a súa renuncia á participación no proceso de elección a membros da Comisión Delegada e solicita a anulación da súa candidatura.



X Pleno do Consello de Comunidades Galegas

Santiago de Compostela

28 e 29 de xuño de 2012

Sendo as 8:30 horas do día 29 de xuño de 2012 constitúese a Mesa Electoral do proceso de elección a membros da Comisión Delegada na “Sala Xosé María Álvarez Blazquez”, composta por:

- D. Ramón Brigos Fernández, como presidente.
- D^a. María García Vaamonde, vogal.
- D^a. M^a. Begoña Solís Dominguez, vogal.
- D. Segundo Gerardo Riobo Calvo, vogal.
- D. J. Antonio Casas Calviño, como secretario.

As 9:00 horas ábrese o prazo de votación que remata as 12:30 horas.

As 12:35 horas procédese a realizar o escrutinio das votacións realizadas, co seguinte resultado:

ÁREA DE ESPAÑA:

Censo Electoral: 43 centros

Número participantes na votación: 42

Votos emitidos: 154

Votos válidos: 150

Votos nulos: 4

RESULTADO DO ESCRUTINIO:

ENTIDADE	COMUNIDADE AUTONOMA	VOTOS OBTIDOS
CASA GALICIA DE CADIZ	ANDALUCÍA	9
LAR GALLEGO DE SEVILLA	ANDALUCIA	17
CENTRO GALLEGO DE SANTANDER	CANTABRIA	9
CENTRO GALLEGO DE SALAMANCA	CASTELA LEÓN	25
AGRUPACIÓN CULTURAL GALEGA SAUDADE	CATALUÑA	25
CENTRO GALLEGO DE BARCELONA	CATALUÑA	16
CENTRO GALLEGO DE MURCIA	MURCIA	10
AGRUPACIÓN HIJOS DE GALICIA EN SESTAO	PAIS VASCO	28
CENTRO GALLEGO DE CASTELLÓ “O ATURUXO”	VALENCIA	11



X Pleno do Consello de Comunidades Galegas

Santiago de Compostela

28 e 29 de xuño de 2012

ÁREA DE EUROPA:

Censo Electoral: 19 centros

Número participantes na votación: 19

Votos emitidos: 63

Votos válidos: 62

Votos nulos: 1

RESULTADO DO ESCRUTINIO:

ENTIDADE	PAIS	VOTOS OBTIDOS
CENTRO CULTURAL GALLEGO DE CUXHAVEN, e.V.	ALEMANIA	1
CENTRO CULTURAL GALLEGO DE FRANKFURT	ALEMANIA	11
ASOCIACIÓN CULTURAL CASA DE GALICIA DE ANDORRA	ANDORRA	0
CENTRO GALLEGO DE BRUXELAS	BELXICA	10
S.C.R. O LAR GALEGO DE ROTTERDAM	HOLANDA	8
XUVENTUDE DE GALICIA, CENTRO GALEGO DE LISBOA	PORTUGAL	12
CENTRO GALEGO DE LONDRES	REINO UNIDO	12
SOCIEDADE GALEGA SEMENTEIRA	SUIZA	8

ÁREA DE AMÉRICA-OCEANÍA:

Censo Electoral: 67 centros

Número participantes na votación: 67

Votos emitidos: 251

Votos válidos: 250

Votos nulos: 1

RESULTADO DO ESCRUTINIO:

ENTIDADE	PAIS	VOTOS OBTIDOS
ASOCIACIÓN UNIÓN DEL PARTIDO JUDICIAL DE ORDENES	ARXENTINA	60
A.C. CABALLEROS DE SANTIAGO SALVADOR DE BAHÍA	BRASIL	11
SOCIEDADE CULTURAL ROSALÍA DE CASTRO	CUBA	47
PEÑA DE GALICIA EN CALIFORNIA	ESTADOS UNIDOS	13
CENTRO GALLEGO DE MONTEVIDEO	URUGUAI	41
UNIÓN HIJOS DE MORGADANES RESIDENTES EN EL PLATA	URUGUAI	22
HERMANDAD GALLEGA DE VENEZUELA	VENEZUELA	56

Unha vez realizado o escrutinio procédese a abrir o prazo de reclamacións ao mesmo. Remata as 13:35 horas, sen que se teña presentado reclamación algunha.



6. Sexto punto da orde do día: sesión plenaria con lectura de conclusións definitivas, rolda de intervencións libres, proclamación de membros da comisión delegada e clausura dos actos do pleno.

Sendo as 16:20 horas, no salón do Pleno, toma a palabra o Presidente do mesmo para abordar o último punto da orde do día.

Despide aos membros da Comisión Delegada do período 2009-2012, salientado que, os últimos foron tres anos moi productivos, gracias a que se mesturaron como integrantes da Comisión Delegada xente que xa estaba con xente nova. Agradece aos representantes das comunidades o esforzo e as aportacións realizadas aos pedidos da Administración Galega así como o ánimo de consenso e procura do mellor para Galicia que mostraron en todo momento.

A continuación fai lectura dos membros electos como representantes das Comunidades Galegas na Comisión Delega por áreas xeográficas:

ÁREA DE ESPAÑA:

ENTIDADE	COMUNIDADE AUTONOMA
AGRUPACIÓN HIJOS DE GALICIA EN SESTAO	PAIS VASCO
CENTRO GALLEGO DE SALAMANCA	CASTELA LEÓN
AGRUPACIÓN CULTURAL GALEGA SAUDADE	CATALUÑA
LAR GALLEGO DE SEVILLA	ANDALUCIA

ÁREA DE EUROPA:

ENTIDADE	PAIS
XUVENTUDE DE GALICIA, CENTRO GALEGO DE LISBOA	PORTUGAL
CENTRO GALEGO DE LONDRES	REINO UNIDO
CENTRO CULTURAL GALLEGO DE FRANKFURT	ALEMANIA
CENTRO GALLEGO DE BRUXELAS	BÁXICA

ÁREA DE AMÉRICA-OCEANÍA:

ENTIDADE	PAIS
ASOCIACIÓN UNIÓN DEL PARTIDO JUDICIAL DE ORDENES	ARXENTINA
HERMANDAD GALLEGA DE VENEZUELA	VENEZUELA
SOCIEDADE CULTURAL ROSALÍA DE CASTRO	CUBA
CENTRO GALLEGO DE MONTEVIDEO	URUGUAI

Os novos membros da Comisión Delegada para o trienio 2012-2015 ocupan os seus postos na mesa.



Seguidamente o Presidente dalle a palabra a D. Ignacio Paz Bouza, presidente-moderador do relatorio “Cultura”. Fai lectura das seguintes conclusións aprobadas no seo da comisión de traballo:

I. Institucionalización da memoria da emigración.

Como preámbulo a estas conclusións, esta Comisión de traballo propón que, desde a Administración galega, se recoñeza e se dea a coñecer o valor que tivo a emigración, e o papel que, desenvolveron millares de emigrantes en todo o mundo, tanto na difusión dos valores de Galicia no exterior como nos cambios que se derivaron na propia sociedade galega.

II. As entidades galegas deben ter iniciativas culturais dedicadas a difundir nos lugares onde residen unha ou varias imaxe-marca propia de Galicia. Esta imaxe debe difundir aquilo que identifique a Galicia, que teña interese para o resto dos países e que a diferencie doutras zonas. A este respecto, indícanse por esta Comisión a continuación algunhas das importantes marcas galegas que se deben difundir:

- O Camiño de Santiago.*
- A peculiaridade da emigración galega, distribuída por todo o mundo (o particular status de Galicia como “país de emigración”).*
- A gastronomía galega.*
- As sinais turísticas propias de Galicia.*
- O folclore galego.*

Neste senso os membros desta Comisión propoñen que os expertos orienten aos centros das imaxes-marca que se poden difundir desde os mesmos.

III. As entidades galegas asumen a utilidade que poidan ter cara a adopción dun novo perfil adecuado a realidade actual e futura, nunha sociedade cada vez máis globalizada, complementando as accións máis clásicas que veñen desenvolvendo, cunha progresiva conversión destes centros en lugares de prestación de servizos, como unha “antena de Galicia” no exterior. Ao respecto, realizarán accións en diferentes ámbitos: cultura, ensinanza, turismo, empresa...etc.

IV. As entidades galegas asumen que deben adaptar aos novos tempos as súas estruturas e as accións que veñen realizando, e deberán esforzarse en “rexuveñecer” e integrar novos membros. Para iso, será preciso levar a cabo un “plan de formación” en novas tecnoloxías, avanzando no seu uso.

V. Débese pensar na utilidade da creación dunha páxina web onde os centros e entidades galegas reflicten as actividades culturais e todas as accións que están desenvolvendo por todo



o mundo, incorporándoas a esta páxina día a día e en tempo real. Deste xeito tenderase a crear unha “rede de galegitude” e unha plataforma de recursos e contidos.

Proponse por esta comisión que sexa a Secretaría Xeral da Emigración a que coordine e dea o apoio técnico para a creación desta páxina web.

- VI. *As entidades galegas asumen que sería positivo que pola Administración galega fose creada unha axencia de carácter independente que coordine e promova a acción cultural exterior, en xeral e a que leven a cabo os propios centros.*
- VII. *Esta comisión considera moi importante o mantemento polo asociacionismo galego no exterior da lingua galega como unha sinal de identidade e como lingua de comunicación. Ao respecto proponse o fortalecemento de cara ao futuro da ensinanza, emprego e fala do idioma galego.*

Para iso, deberán realizarse un maior número de cursos de galego xestionados polas entidades, co apoio da Administración galega.

Rematada a súa exposición, o Presidente dalle a palabra a D. José Antonio Otero Hermida, presidente-moderador do relatorio “A Galicia Exterior no Século XXI”. Da lectura as seguintes conclusións:

- I. *As Asociacións Galegas no Exterior (como por exemplo as asociacións de empresarios) deberían funcionar como Delegacións Comerciais de Galicia. Onde non existan asociacións de empresarios deberíanse considerar aos centros colaboradores como eventuais plataformas comerciais.*
- II. *Deberíase fomentar ás asociacións de empresarios Galegos, e arbitrar mecanismos para que estas perduren no tempo. Así mesmo deberíase potenciar a Marca Galicia para que funcione como captador de novas xeracións de directivos de asociacións e centros no exterior.*
- III. *¿ Pode o asociacionismo propio dos centros nos séculos XIX e XX, seguir funcionando tal e como está configurado na actualidade?. A resposta é afirmativa, pero é necesario un proceso de cambios. Recomendamos á Secretaría xeral da Emigración establecer un listado de entidades pola súa tipoloxía, de forma que as partidas orzamentarias vaian dirixidas a finalidade propia da entidade (asistenciais, formativas, culturais.....).*
- IV. *Retomar a antiga figura do profesor de galego (cursos de galego presenciais).*
- V. *Solicitar a colaboración da Televisión de Galicia para que actúe como un instrumento formativo na ensinanza da lingua galega.*
- VI. *Potenciar o uso do portal de Galiciaaberta. Nestes intres está infrautilizado polas entidades.*



X Pleno do Consello de Comunidades Galegas

Santiago de Compostela

28 e 29 de xuño de 2012

Os centros teñen que ser activos neste senso, e proporcionar a información necesaria para a súa dinamización.

O portal esta aberto a todas as entidades para o seu uso, e para facer a través do mesmo suxerencias; en definitiva que sexan proactivos. O primeiro requisito para a correcta funcionalidade do portal e que todos os centros dispoñan de correo electrónico actualizado e o faciliten.

VII. Aínda que o mais eficaz serían os cursos presenciais, e considerando que non sempre é viable, propónse crear un espazo explicativo sobre o funcionamento de Galiciaaberta, para a formación dos usuarios nos centros galegos.

En relación co anterior, sería moi útil contar con un manual do usuario o mais sinxelo posible.

VIII. En relación aos envíos postais das publicacións dos centros a secretaría xeral para a súa distribución, propónse a dixitalización das referidas publicacións en Galiciaaberta.

IX. Unificar programas de subvencións nun único programa de carácter finalista con diferentes epígrafes, con explicación clara por parte da secretaría xeral da documentación que se vai a requirir.

X. Propónse que dende a secretaría xeral se de prioridade as fusión (termo mudado por integración, que é o que finalmente debe quedar como definitivo, según aclaración posterior) de entidades. De non ser isto posible deberíase fomentar a coordinación entre aqueles que realicen actividades paralelas.

XI. Potenciar a realización de actividades conxuntas entre diferentes centros e priorizar de forma efectiva a concesión de axudas a esas actividades coordinadas, naqueles casos nos que a proximidade xeográfica o permita.

XII. Dada a dificultade que teñen os maiores para o manexo das novas tecnoloxías, propónse que os mozos formen aos seus maiores para o seu uso.

XIII. E evidente que existe un grave problema de comunicación entre a secretaría xeral e as entidades, ao que deben dar solución os centros a través do portal e o correcto uso do correo electrónico.

XIV. Fomentar programas de formación online en temas específicos dirixidos á xuventude.

XV. Reformular os obxectivos das entidades de cara ao século XXI, dando cabida as novas inquedanzas e problemática da xuventude.

XVI. A través de Galiciaaberta deberíase favorecer a implantación de xogos educativos e ferramentas formativas para os nenos, estimulando deste xeito a implicación dos nenos na vida da entidade.



- XVII. *Redefinir as funcións dos centros, como por exemplo orientándoos cara a promoción do turismo. Para iso é fundamental que as entidades se integren na sociedade de acollida e teñan unha funcionalidade como posibles oficinas de turismo.*
- XVIII. *Os mozos replegaronse da participación social, evidenciando un decreemento na política. A través dos nosos centros debemos inculcarlles un sentido de pertenza, para que atopen nas entidades axuda e apoio.*
- XIX. *A secretaría xeral debe promover espazos de intercambio xeracional, a través de diferentes actividades.*

Unha vez finalizada a súa intervención, o Presidente dalle a palabra ao presidente-moderador do relatorio de “Políticas Socio-asistenciais”, D. Antonio Piñón Martín, quen fai lectura das seguintes conclusións:

- I. *Promover o mantemento das axudas aos fogares de anciáns e residencias da terceira idade da Galicia exterior como son os casos do “Recreio dos Anciáns” de Río de Janeiro e do “Hogar Gallego para ancianos” de Domselar para que poidan seguir atendendo aos anciáns galegos alí residentes. Prestar especial atención a aqueles fogares que estan a pasar por importantes dificultades económicas como o Hogar Español de anciáns de Montevideo.*
- II. *Dado o incremento dos enfermos de Alzheimer residentes nos fogares de anciáns da Galicia exterior por mor do incremento da idade media dos usuarios, solicítase potenciar a creación ou mellora das instalacións necesarias para atendelos coas correspondentes dotacións de material e persoal capacitado.*
- III. *Manter o apoio e ao mesmo tempo amosar a satisfacción porque entidades de carácter hospitalario e mutual como a Casa de Galicia de Montevideo teñan un estado de contas saneado despois de superar nos últimos anos estados de grave dificultade.*
- IV. *Promover o mantemento das axudas aos centros de día e entidades beneficentes da Galicia exterior que prestan servizos de atención diúrna ás persoas necesitadas.*
- V. *Manter as axudas ás entidades galegas e fundacións de carácter benéfico que coidan dos galegos dependentes prestando o servizo de axuda domiciliaria, especialmente nos países de Venezuela e Brasil, coa finalidade de non deixar desatendidos a casos de especial gravidade.*
- VI. *Instar á Xunta de Galicia para que presente nos correspondentes ámbitos de representación, ante os órganos competentes do goberno central, a demanda de que a implantación da lei de dependencia se realice para os residentes no exterior co mesmo grao de desenvolvemento que no Estado Español.*



X Pleno do Consello de Comunidades Galegas

Santiago de Compostela

28 e 29 de xuño de 2012

- VII. *Potenciar o uso das entidades galegas como lugares de realización de actividades propias da terceira idade para que os galegos de idade avanzada manteñan e melloren as súas capacidades psíquicas e físicas. Evitaríanse así entre outras doenzas, as depresións que, coa inactividade, atinxen a moitos dos nosos maiores.*
- VIII. *As entidades galegas deben promover a creación dun órgano formado polos distintos sectores implicados que poida aglutinar a todos os centros asistenciais co fin de unificar recursos, dado que cada centro ten a súa propia necesidade e problemática, máis en conxunto pódense abaratar custos e recursos.*
- IX. *Promover liñas de axuda destinadas a aqueles socios do Centro Gallego de Bos Aires ou da Fundación España Salud de Venezuela que se quedaran sen cobertura sempre que non sexan atendidos cos mesmos custes noutra obra social ou entidade mutual. Amosar a preocupación por que estas axudas cheguen só os máis necesitados.*
- X. *Dado a situación de crise que se está atravesando en España comezan a atoparse galegos residentes noutras comunidades autónomas que contan con ingresos inferiores á renda de inserción social, en consecuencia con necesidade extrema, con servizos sociais ateigados. Por este motivo solicítase especial atención a este problema con liñas de axuda como pode ser a de contratacións por horas, a traveso dos centros galegos ou das federacións, de persoas capacitadas en asistencia social para a atención dos galegos necesitados.*
- XI. *Os centros galegos de Suíza, Alemaña e doutros países do centro e norte de Europa están a recibir moitas solicitudes de mozos e mozas galegas que viaxan na procura de traballo. Moitos preséntanse sen residencia, sen contrato de traballo chegando a difíciles situacións de marxinalidade, ofrecendo as entidades galegas axudas nas súas instalacións como as de xantar de forma gratuíta. Solicítase que no futuro se teñan en conta estas situacións nas correspondentes liñas de axuda.*
- XII. *Agradecer a Galicia en xeral e á Secretaría Xeral da Emigración en particular os esforzos por atender aos galegos do exterior en situación de necesidade, malia as dificultades de carácter económico por todos coñecidas que están a suceder tanto en Galicia como en España.*



Posteriormente, o Presidente dalle a palabra a D. María Rosario García Villadangos, secretaria da comisión do relatorio “Galeguidade. Desenvolvemento normativo”, que fai lectura das seguintes conclusións:

Proponse a revisión do texto do Anteproxecto de Lei da Galeguidade que se debateu no seo da comisión, nos seguintes termos:

Artigo 3: *Acórdase introducir no parágrafo 1 a expresión “así como tamén aos seus descendentes”.*

*Acéptase a achega da **Unión de Sociedades Galegas na República Argentina** e rexeitase a achega da **Sociedade Galega “Sementeira” de Basilea**.*

Artigo 4: *Rexeitase a achega da **Federación de Sociedades Gallegas en Cuba** así como tamén a achega da **Sociedade Galega “Sementeira” de Basilea**.*

Artigo 8: *Acéptase a achega da **Unión de Asociacións Galegas na República Argentina** tanto no apartado C como no D.*

*Rexeitase a achega da **Sociedade Galega “Sementeira” de Basilea**.*

Artigo 9: *Rexeitase a achega da **Unión de Sociedades Galegas na República Argentina** en relación co apartado g).*

*Rexeitase a achega da **Unión de Sociedades Galegas na República Argentina** en relación co parágrafo 3, aceptándose a eliminación do silencio administrativo negativo en relación coa solicitude de recoñecemento das Entidades como centros colaboradores, e solicitando que as ditas Entidades sexan coñecedoras do informe preceptivo da Comisión Delegada do Consello de Comunidades Galegas así como da resolución motivada da Secretaría Xeral da Emigración.*

*Rexeitase a achega da **Sociedade Galega “Sementeira” de Basilea**.*

Artigo 10: *Rexeitase a achega da **Sociedade Galega “Sementeira” de Basilea**.*

Artigo 11: *Rexeitase a achega da **Sociedade Galega “Sementeira” de Basilea**.*

Artigo 12: *Rexeitase a achega da **Unión de Sociedades Galegas na República Argentina**.*

*Acéptase a achega da **Sociedade Galega “Sementeira” de Basilea** en canto a que exista un informe preceptivo da Comisión Delegada do Consello de Comunidades Galegas para a resolución das solicitudes de recoñecemento das Entidades como centros colaboradores.*

Artigo 13: *Acéptase a achega da **Unión de Sociedades Galegas na República Argentina**.*

No parágrafo 3 acórdase estender a todas as áreas xeográficas o sinalado para as comunidades autónomas de España e instar ao goberno de Galicia a promulgar un decreto no que se reflicta a especificidade da existencia na República Arxentina de dúas federacións históricas, recomendando o seu mantemento.



Artigo 19 e 20: *Rexeitase a achega da **Sociedade Galega “Sementeira” de Basilea.***

Artigo 35: *Rexeitase a achega da **Sociedade Galega “Sementeira” de Basilea.***

Artigo 36: *Rexeitase a achega da **Sociedade Galega “Sementeira” de Basilea.***

Artigo 42: *Rexeitase a achega da **Sociedade Galega “Sementeira” de Basilea.***

Artigo 48: *A Comisión apraza o debate sobre o número de membros natos da Comisión Delegada ata a celebración do próximo Consello de Comunidades Galegas en apoio e solidariedade coa situación do **Centro Galego de Buenos Aires***

*En canto a achega da **Sociedade Galega “Sementeira” de Basilea**, facúltase á Comisión Delegada designada por este Consello a estudar e formular unha proposta á administración pública galega sobre o número mínimo de socios galegos que debe ter unha comunidade galega para ser membro nato da Comisión Delegada.*

- A Comisión do relatorio considera suficiente a redacción do anteproxecto da lei da galegidade en canto ao fomento e uso da lingua galega.

Acórdase que sexa a Comisión Delegada do Consello de Comunidades Galegas a que estude e asesore á administración pública galega para fixar a periodicidade na celebración dos consellos das comunidades galegas que será reflectida no decreto regulador do devandito consello.

*- Finalmente apróbase o Anteproxecto da lei da galegidade coas modificacións acordadas por esta Comisión co voto en contra da **Sociedade Galega “Sementeira” de Basilea.***

Rematada a lectura das conclusións das comisións de traballo dos distintos relatorios, toma de novo a palabra o Presidente e destaca o traballo realizado no seo das mesmas.

Sendo as 17:00 horas incorpórase ao Pleno o Director General de Migraciones do Ministerio de Empleo y Seguridad Social, D. Aurelio Miras Portugal.

O Presidente do Pleno dalle a benvinda e pídelle que se dirixa aos asistentes.

D. Aurelio Miras Portugal toma a palabra e dalle as gracias ao Presidente manifestando que é unha honra para él vir e estar aquí e sentirse un galego máis, que ten a honra de estar cos galegos que nos representan no Mundo e que o Mundo está aquí porque aquí están os galegos.

Di que estes momentos son difíciles para todos, pero probablemente máis difícil foi para todos vos ou para os nosos pais e avós cando tiveron que emigrar a terras tan lonxanas. Para os galegos nunca foi doado.

Fai un recoñecemento a todos os presentes, singularizado no seu amigo, o secretario xeral da Emigración, D. J. Santiago Camba Bouzas, que aínda sendo un home do “*stablismen*”, dende sempre dixo non ao voto rogado para a emigración, poñendo de manifesto que sempre soubo dicir “*non*” a todo aquilo que fose un atranco para todos os presentes, os verdadeiros protagonistas destes actos.



X Pleno do Consello de Comunidades Galegas

Santiago de Compostela

28 e 29 de xuño de 2012

Salienta que a emigración, xa en momentos pasados de dificultades, axudou a salvar a Galicia, doadamente á súa cultura, e que nestes tempos volverá a facelo.

Remata lembrándose dalgúns grandes amigos feitos no mundo da emigración que por distintas causas non se encontran presentes e despídese de todos.

O Presidente toma a palabra para facer unha breve pausa no desenvolvemento do pleno e despide a D. Aurelio Miras Portugal.

Sendo as 17:30 horas reanúdase a sesión do pleno e o Presidente abre a rolda de intervencións libres.

Toma a palabra D. Francisco Bustos, Presidente do Lar Gallego de Chile, que agradece a invitación para participar no pleno e ofrécese, dentro das súas posibilidades, a colaborar e cooperar coas institucións económicas de Galicia nestes momentos de dificultade.

Intervén D. José Antonio Hermida, Presidente do Centro Galego de Santander, para puntualizar que na lectura das conclusións da ponencia “A Galicia Exterior no Século XXI”, no seu punto 10º, donde di: “fusións das entidades” debe dicir: “integración das entidades”.

Non habendo máis intervencións, o Presidente diríxese aos asistentes ao Pleno dando comezo a lectura da súa intervención de clausura que figura como anexo v da presente acta.

A continuación interprétase o himno galego por todos os asistentes.

Sendo as 18:00 horas, do 29 de xuño de 2012, en nome do Presidente da Xunta de Galicia e Presidente do Consello de Comunidades Galegas o secretario xeral da Emigración, D. J. Santiago Camba Bouzas, declara clausurado o X Pleno do Consello de Comunidades Galegas, despide aos asistentes e levanta a sesión.

O presidente

O secretario

D. J. Santiago Camba Bouzas

D. Ramón Brigos Fernández



ANEXO I

PARTICIPANTES NO CONSELLO DE COMUNIDADES GALEGAS				
Nº	CENTRO	CARGO NO CENTRO	MEMBRO	PAIS
1	CENTRO CULTURAL GALLEGA DE FRANKFURT	VICEPRESIDENTE	ALEJANDRA PLAZA RODRÍGUEZ	ALEMANIA
2	CENTRO GALEGO DE HANNOVER	PRESIDENTE	EVENCIO MEIXEMPO ARMADA	ALEMANIA
3	CENTRO CULTURAL GALLEGO DE CUXHAVEN E V.	PRESIDENTE	ALBINO ABAL NUÑEZ	ALEMANIA
4	CENTRO GALEGO DE NÜRNBERG E.V.	PRESIDENTE	GERARDO ARIAS- GONZÁLEZ	ALEMANIA
5	PEÑA GALEGA DE MUNICH R.V.	PRESIDENTE	PERFECTO GONZÁLEZ RODRÍGUEZ	ALEMANIA
6	CLUB GALICIA DE BONN E V.	PRESIDENTE	SANTOS RODRÍGUEZ LÓPEZ	ALEMANIA
7	ASOCIACIÓN CULTURAL CASA DE GALICIA DE ANDORRA	VOCAL	JORDI SILVA GARCÍA	ANDORRA
8	C.GALLEGO S.M. CULTURAL Y DEPORTIVO DE C. RIVADAVIA	PRESIDENTE	JOSÉ AGRELO SAMPEDRO	ARGENTINA
9	CENTRO G. ASOC. MUTUAL SOCIAL , CULTURAL E RECREATIVA	PRESIDENTE	LADISLAO PICALLO DURAN	ARGENTINA
10	ASOC. HIJOS DEL AYTO. DE ZAS	PRO-SECRETARIA	BEATRIZ CARBALLO REGUEIRA	ARGENTINA
11	CENTRO ARZUANO MELLIDENSE	PRESIDENTE	CESAR ROBERTO PAMPIN RIAL	ARGENTINA
12	ASOCIACIÓN CIVIL UNIÓN RESIDENTES DE OUTES	PRESIDENTE	MANUEL REY GARCÍA	ARGENTINA
13	ASOC. UNIÓN DEL PARTIDO JUDICIAL DE ÓRDENES	PRESIDENTE	JOSÉ LUIS DURÁN RÍOS	ARGENTINA
14	CENTRO PARTIDO DE CARBALLINO	PRESIDENTE	BENITO VANTALICES BARREAL	ARGENTINA
15	ASOCIACIÓN UNIÓN RESIDENTES DEL AYUNTAMIENTO DE CARBIA	PRESIDENTE	ADONIS PAMPIN	ARGENTINA
16	HOGAR GALLEGO PARA ANCIANOS	PRESIDENTE	RAFAEL GIL MALVIDO	ARGENTINA
17	TUY SALCEDA ASOCIACIÓN MUTUA, CULTURAL Y RECREATIVA	PRESIDENTE	JOSE LUIS GONZALEZ TRONCOSO	ARGENTINA
18	ASOCIACIÓN CENTRO BETANZOS DE B. AIRES	PRESIDENTE	BEATRIZ LAGOA	ARGENTINA
19	ASOC. CIVIL HIJOS DEL AYUNTAMIENTO DE BOIRO	PRESIDENTE	VALENTÍN MARCELINO BEIRO CASTRO	ARGENTINA
20	CENTRO GALLEGO DE AVELLANEDA	PRESIDENTE	JUAN RODRÍGUEZ	ARGENTINA
21	CENTRO CULTURAL DEL PARTIDO DE LA ESTRADA	PRESIDENTE	JESÚS IGLESIAS DURO	ARGENTINA
22	CENTRO GALLEGO DE LA PLATA	PRESIDENTE	JOSÉ LUIS RODRÍGUEZ REBOREDO	ARGENTINA
23	ASOC. CIVIL GALEGA FILLOS DO PORTO DO SON	PRESIDENTA	Mª DEL CARMEN QUEIRUGA CALO	ARGENTINA
24	ASOC. GALEGA RESIDENTES DE MOS DE MUT. CULT. Y RECREO	PRESIDENTE	JOSE LEIROS PEREIRA	ARGENTINA
25	ASOCIACIÓN. GALEGA RESIDENTES DE VIGO	PRESIDENTA	MARÍA DEL CARMEN ARAUJO BALIÑAS	ARGENTINA
26	CENTRO GALLEGO DE BUENOS AIRES	VICEPRESIDENTE	ANTONIO NUÑEZ NEIRA	ARGENTINA
27	CENTRO NOIA-RIANXO, ASOCIACIÓN CIVIL	PRESIDENTE	OLEGARIA DOURADO MOSQUERA	ARGENTINA



X Pleno do Consello de Comunidades Galegas

Santiago de Compostela

28 e 29 de xuño de 2012

28	SOCIEDAD PARROQUIAL DE VEDRA	PRESIDENTE	DORA PEGITO QUINTÁNS	ARGENTINA
29	CIRCULO S. VALMIÑOR DE GALICIA EN B. AIRES	VICEPRESIDENTE	JOSÉ CARLOS PONTEON FERNÁNDEZ	ARGENTINA
30	C. GALICIA DE BUENOS AIRES	PRESIDENTE	JOSÉ MARÍA VILA ALEN	ARGENTINA
31	C. LALÍN, AGOLADA Y SILLEDA DE GALICIA EN B. AIRES	PRESIDENTE	FRANCISCO JAVIER MEIJOMIN ALLER	ARGENTINA
32	FINISTERRE EN AMERICA	PRESIDENTE	JAIME MARIÑO MARCOTE	ARGENTINA
33	HIJOS DE ARANTEY Y CENTRO VILLAMARIN PEROJANO MUTUAL, CULTURAL Y RECREATIVA	PRESIDENTE	JUAN SANTOS GASTÓN	ARGENTINA
34	ASOCIACIÓN BENÉFICA CULTURAL DEL PARTIDO DE CORCUBIÓN	PRESIDENTE	CARLOS OSCAR AMEJEIRAS MIÑONES	ARGENTINA
35	RIBADUMIA, CASA GALLEGA DE CULTURA EN B. AIRES	PRESIDENTE	RAÚL ALEJANDRO PAGES	ARGENTINA
36	CENTRO GALLEGO DE MAR DEL PLATA	VOCAL	MARÍA FERNANDA VIDAL	ARGENTINA
37	CENTRO GALLEGO DE SANTA FE	PRESIDENTE	FAUSTINO JULIO PEREIRA DOMÍNGUEZ	ARGENTINA
38	CENTRO GALEGO DE BRUXELAS	PRESIDENTE	MIGUEL PALOMO LÓPEZ	BÉLGICA
39	SOCIEDADE BENEFICENTE ROSALÍA DE CASTRO	SECRETARIA	MARÍA CARMEN GÓMEZ DEL VALLE BLEY	BRASIL
40	ASOC. CULT. HISPANO GALEGA C. DE SANTIAGO	PRESIDENTE	SANTIAGO COELHO RODRÍGUEZ CAMPO	BRASIL
41	CENTRO RECREATIVO UNIÓN DO RÍO TEA	PRESIDENTE	ANDRÉ LOUIS TEODOSIO PRESA	BRASIL
42	REAL SOCIEDAD ESPANHOLA DE BENEFICENCIA	PRESIDENTE	DEMETRIO MOREIRA GARCÍA	BRASIL
43	CENTRO GALLEGO DE MONTREAL	PRESIDENTA	JULIA BLANCO FERNÁNDEZ	CANADA
44	CORPORACIÓN LAR GALLEGO	SECRETARIO	FRANCISCO BUSTOS PALOMINO	CHILE
45	ASOC. NATURALES DE ORTIGUEIRA	PRESIDENTE	JUAN ANTONIO ORALLO BOSCA	CUBA
46	AGRUPACIÓN ARTÍTICA GALLEGA (182)	PRESIDENTE	JULIO RAMÓN SANTAMARINA LÓPEZ	CUBA
47	SOCIEDADE CULTURAL ROSALÍA DE CASTRO	SECRETARIO	ENRIQUE F. REPISO MURIEDAS	CUBA
48	AGRUPC. SOCIEDADES REPRESENTANTES DE MUNICIPIOS Y PARROQUIAS	PRESIDENTA	JOSEFINA RODRÍGUEZ (S.O.A.)	CUBA
49	SOCIEDAD ESTUDIANTIL CONCEPCIÓN ARENAL	VICEPRESIDENTE	ALEXANDER AVENA NUÑEZ	CUBA
50	SOCIEDAD MONTERROSO Y ANTAS DE ULLA	PRESIDENTE	YURKINS ARIEL TEJERO SUÁREZ	CUBA
51	CENTRO U. ORENSANA DE LA HABANA	PRESIDENTE	ROBERTO A. OGANDO ZAS	CUBA
52	VIVERO Y SU COMARCA	CONTADORA	ALEIDA MARÍA BELLO GARCÍA	CUBA
53	CASA GALICIA DE ONDARROA	PRESIDENTE	ARMINDO PESO PESO	ESPAÑA
54	CENTRO GALLEGO DE SANTA CRUZ DE TENERIFE	PRESIDENTE	EDUARDO SÁNCHEZ SOLLA	ESPAÑA
55	CASA CULTURAL DE GALICIA	SECRETARIO	GREGORIO ISASI VIDAURRE	ESPAÑA
56	CENTRO GALLEGO DE MÁLAGA	PRESIDENTA	M ^o DEL CARMEN LOMBÁN GARCÍA	ESPAÑA
57	CENTRE CULTURA E SOCIAL AIRIÑOS DA NOSA GALICIA	PRESIDENTE	JOSÉ CANOSA BLANCO	ESPAÑA
58	CENTRO GALLEGO EN BURGOS	SECRETARIA	REYES MALAXECHEVARRIA GRANDE	ESPAÑA
59	CENTRO GALEGO DE LLEIDA CASA DE GALICIA	PRESIDENTE	JOSÉ TERCEIRO FOLGAR	ESPAÑA



X Pleno do Consello de Comunidades Galegas

Santiago de Compostela

28 e 29 de xuño de 2012

60	IRMANDADE A NOSA GALIZA	PRESIDENTE	ISABEL ARES BETETOS	ESPAÑA
61	CENTRO GALLEGO DE CASTELLÓ "O ATURUXO"	PRESIDENTE	XOSÉ FILGUEIRA FERNÁNDEZ	ESPAÑA
62	AGRUPACIÓN HIJOS DE GALICIA EN SESTAO	PRESIDENTE	M ^o PILAR RODRÍGUEZ VILLAR	ESPAÑA
63	AGRUPACIÓN CULTURAL GALEGA SAUDADE	PRESIDENTE	ERNESTO LAGARÓN VIDAL	ESPAÑA
64	CASA GALICIA EN BADAJOZ	SECRETARIO	MANUEL VILARIÑO CASTRO	ESPAÑA
65	CENTRO GALLEGO DE ERMUA	VOCAL	MANUEL BAUTIS QUIÑOY	ESPAÑA
66	CASA CULTURAL DE GALICIA "AS BURGAS"	PRESIDENTE	ALBINO VIEITES CARNOTA	ESPAÑA
67	CENTRO GALLEGO DE ALICANTE	SECRETARIO	JOSÉ CALO AMIGO	ESPAÑA
68	CASA DE GALICIA EN BILBAO	PRESIDENTE	JOSE ANTONIO BLANCO BLANCO	ESPAÑA
69	COVA DA SERPE	PRESIDENTE	DOMINGO BALBOA AMOR	ESPAÑA
70	CENTRO GALLEGO DE GIJÓN	TESORERO	FELIPE MERA ALVAREZ	ESPAÑA
71	CASA DE GALICIA EN VALLADOLID	PRESIDENTE	ANTONIO BARBOSA FERNÁNDEZ	ESPAÑA
72	CENTRO GALLEGO DE MADRID	VICEPRESIDENTE	MARÍA LAGE PRIETO	ESPAÑA
73	CENTRO GALEGO DE TARRAGONA	VICEPRESIDENTE	JOSE MAS LLAMBRICH	ESPAÑA
74	CASA GALICIA DE CÁDIZ	PRESIDENTE	FERNANDO J. VALENCIA DOCASAR	ESPAÑA
75	IRMANDADE GALEGA DE RUBÍ	PRESIDENTA	SILVIA CASTAÑEDA FUENTES	ESPAÑA
76	CENTRO GALICIA EN PONFERRADA	PRESIDENTE	ELOY FERNÁNDEZ GÓMEZ	ESPAÑA
77	CENTRO GALEGO DE BIZKAIA EN BARAKALDO	VOCAL	DULCINA PEREIRO BESTEIRO	ESPAÑA
78	CASA RG. GALLEGA	PRESIDENTA	ANA MARÍA ROMERO GARCÍA	ESPAÑA
79	C. GALLEGO DE ALAVA (VITORIA - GASTEIZ)	VICEPRESIDENTE	LUIS MARTÍN PENA CALVEIRA	ESPAÑA
80	CENTRO GALLEGO DE BARCELONA	PRESIDENTE	MANOUEL GARRETE RIVERA	ESPAÑA
81	LAR GALEGO DE AVILÉS	PRESIDENTE	EMILIO FERNÁNDEZ SÁNCHEZ	ESPAÑA
82	ASOCIACIÓN C. AMIGOS DA GAITA TOXOS E XESTAS	PRESIDENTE	JOSÉ ARES GARCÍA	ESPAÑA
83	LAR GALLEGO DE SEVILLA	PRESIDENTE	RAIMUNDO ALFREDO OTERO GARCÍA	ESPAÑA
84	CASA DE GALICIA EN GUIPUZKOA	PRESIDENTE	JOSÉ RAMÓN VARELA COUSILLAS	ESPAÑA
85	CASA DE GALICIA EN LEÓN	PRESIDENTE	EUGENIO MARTÍNEZ CASADO	ESPAÑA
86	ASOCIACIÓN CULTURAL GALEGA ROSALÍA DE CASTRO	PRESIDENTE	ALFONSO RICO GARCÍA	ESPAÑA
87	CENTRO GALLEGO DE SALAMANCA	PRESIDENTE	JOSE IGNACIO PAZ BOUZA	ESPAÑA
88	IRMANDADE GALEGO O NOSO LAR	PRESIDENTE	ANTONIO RODRÍGUEZ RODRÍGUEZ	ESPAÑA
89	LAR GALLEGO DE PAMPLONA	SECRETARIO	MANUEL REY ALFONSIN	ESPAÑA
90	CENTRO GALLEGO DE MALLORCA	PRESIDENTE	M ^o DEL CARMEN GONZALEZ MORENO	ESPAÑA
91	CASA GALEGA DE L'HOSPITALET	PRESIDENTE	MANUEL PRADOS FERNÁNDEZ	ESPAÑA
92	CENTRO GALEGO DE NÓS SABADELL	PRESIDENTE	MANUEL VÁZQUEZ OSORIO	ESPAÑA
93	CENTRO GALLEGO DE MURCIA	PRESIDENTE	JOSÉ LUIS GONZÁLEZ LÓPEZ	ESPAÑA
94	CENTRO GALEGO DE MIRANDA DE EBRO	SECRETARIO	ANTONIO LASO FEIJOO	ESPAÑA
95	CENTRO GALLEGO DE SANTANDER	PRESIDENTE	JOSE ANTONIO HERMIDA	ESPAÑA
96	CASA DE GALICIA	PRESIDENTE	JOSE GIL LÓPEZ	ESTADOS UNIDOS
97	CASA DE SANTA MARTA DE ORGUEIRA	PRESIDENTA	MARÍA DEL CARMEN ALVAREZ	ESTADOS UNIDOS



X Pleno do Consello de Comunidades Galegas

Santiago de Compostela

28 e 29 de xuño de 2012

98	PEÑA DE GALICIA EN CALIFORNIA	PRESIDENTE	FERNANDO PEREIRA OTERO	ESTADOS UNIDOS
99	CENTRO GALLEGO DE MARSELLA	PRESIDENTE	MANUEL SILVA PEREIRA	FRANCIA
100	SOCIEDAD CULTURAL RECREATIVA "O LAR GALEGO"	VOCAL	JOSÉ ANTONIO FERNÁNDEZ COREAL	HOLANDA
101	CENTRO GALLEGO DE MÉXICO A.C.	PRESIDENTE	LUIS PIÑEIRO GIL	MÉXICO
102	XUVENTUDE DE GALICIA, CENTRO GALEGO DE LISBOA	PRESIDENTE	ALVARO MOREIRA MUIÑOS	PORTUGAL
103	CENTRO GALLEGO DE PUERTO RICO	PRESIDENTE	JOSE GÓMEZ VILACOBIA	PUERTO RICO (USA)
104	CENTRO GALEGO DE LONDRES	PRESIDENTE	NICOLÁS MIÑO SUÁREZ	REINO UNIDO
105	CENTRO GALLEGO DE ZUG A NOSA TERRA	PRESIDENTE	JOSÉ RODRÍGUEZ REGUEIRA	SUIZA
106	CENTRO GALLEGO DE LUCERNA	PRESIDENTA	MARÍA AURORA MANTEIGA ALONSO	SUIZA
107	SOCIEDADE GALEGA SEMENTEIRA	SECRETARIO	GASPAR SILVA SANJUAN	SUIZA
108	CENTRO GALICIA DE OLTEN	VICEPRESIDENTE	JOSÉ MANUEL LUCAS PEREIRA	SUIZA
109	A NOSA GALIZA EN XENEBRA	DELEGADO	JOSÉ CONSTENLA SUÁREZ	SUIZA
110	PROMOCIÓN DA CULTURA GALEGA	PRESIDENTE	MANUEL AMARELLE AMIGO	SUIZA
111	IRMANDADE GALEGA NA SUIZA	PRESIDENTA	ANA M ^o MERA RODRÍGUEZ	SUIZA
112	CASA DE GALICIA DE MONTEVIDEO	PRESIDENTE	MANUEL RAMOS PEREZ	URUGUAY
113	CENTRO CULTURAL Y RECREATIVO HIJOS DE GALICIA	PRESIDENTE	ANICETO CHAIN RODIL	URUGUAY
114	CENTRO SOCIAL Y CULTURAL BERGANTIÑOS	PRESIDENTE	JOSÉ WALTER PENA MAÑANA	URUGUAY
115	CENTRO PONTEVEDRÉS	PRESIDENTE	VALENTÍN LÓPEZ PÉREZ	URUGUAY
116	C. GALLEGO DE MONTEVIDEO	PRESIDENTE	JORGE TORRES CANTALAPIEDAR	URUGUAY
117	CENTRO S.C. Y D. DE BOLOS VALLE MIÑOR	PRESIDENTE	JOSÉ CARLOS BARCIA LORENZO	URUGUAY
118	UNIÓN HIJOS DE MORGADANES RESIDENTES EN EL PLATA	TESORERO	SERAFÍN ALONSO SAMCASSANO	URUGUAY
119	CENTRO CULTURAL Y RECREATIVO ALMA GALLEGA	PRESIDENTE	ESPERANZA MARÍA PEREIRA FERNÁNDEZ	URUGUAY
120	CENTRO OURENSÁN MONTEVIDEO	PRESIDENTE	HECTOR HORACIO HENRY MONGIARDIN	URUGUAY
121	PATRONATO DA CULTURA GALEGA	PRESIDENTE	ANA MARÍA LORENZO GARCÍA	URUGUAY
122	CENTRO GALLEGO DE PUERTO DE LA CRUZ	PRESIDENTE	ADRIANO GARCÍA FERNÁNDEZ	VENEZUELA
123	HERMANDAD GALLEGA DE VENEZUELA	PRESIDENTE	ANTONIO PIÑÓN MARTÍN	VENEZUELA
124	ASOCIACIÓN BENÉFICA PROVINCIA DE PONTEVEDRA	PRESIDENTE	SERAFÍN PELLÓN ESPIÑEIRA	VENEZUELA
125	ASOCIACIÓN BENÉFICA HIJOS DE LALÍN	TESORERO	JOSÉ AMORÍN IGLESIAS	VENEZUELA
126	CENTRO BENÉFICO SOCIAL HIJOS DE LA ESTRADA	PRESIDENTE	RAMÓN PÉREZ BERMÚDEZ	VENEZUELA
127	HERMANDAD GALLEGA DE STO. TOMÉ DE GUAYANA	VOCAL	FRANCISCO JAVIER ALMUIÑA VÁZQUEZ	VENEZUELA
128	CENTRO GALLEGO DE MARACAIBO	PRESIDENTE	JUAN CARLOS FERNÁNDEZ VALLE	VENEZUELA
129	HERMANDAD GALLEGA DE VALENCIA	SECRETARIO	ALFONSO GUERRA RODRÍGUEZ	VENEZUELA



ANEXO II

Intervención do Presidente da Xunta

CONSELLO DE COMUNIDADES GALEGAS



Santiago de Compostela, 28 de xuño de 2012



Amigas e amigos.

Asistentes ao X Congreso de Comunidades Galegas.

O noso Vicente Risco adoitaba reprender a aqueles que dicían que Galicia é pequena. <Galicia é un mundo>, replicaba. Diciao hai moitos anos, pero esa afirmación segue a ter vixencia a estas alturas do século XXI. O noso é o primeiro país global do que a historia ten noticia. Dende que os nosos antepasados marcharon na procura de novos horizontes, Galicia expandiuse e fíxoo ademais dunha maneira pacífica, cunha conquista e uns conquistadores ben distintos aos que rexistran as crónicas.

Nós conquistamos co traballo, coa entrega, coa capacidade para incorporar novas culturas. Non dominamos senón que engaiolamos coa nosa maneira de ser. Por iso a nosa <conquista> é perdurable.

Fomos e somos capaces de combinar identidades porque non interpretamos ningunha como algo exclusivista. Ser galego non exclúe ser tamén madrileño ou catalán, arxentino, venezolano ou suízo. Ser galego implica ter unha capacidade adicional para relacionarnos con todos. Os vellos imperios foron caendo, mentres que a nosa Galicia universal mantense viva.

Esa galegitude que pode estar en todas partes, é hoxe un inmenso tesouro que temos que aproveitar. A Galicia de aquí pódese proxectar nas vosas Galicias, mediante a cultura, a empresa, o traballo profesional. As vosas Galicias poden estar presentes aquí grazas a esa irmandade que se mantén por riba das fronteiras.

Dígovos que poucos pobos posúen esa inmensa vantaxe. Ningunha diplomacia pode igualar á nosa. Sodes embaixadores de Galicia nos vosos países de adopción, e representantes deses países na nosa terra.

Non é pura retórica. Galicia é berce de multinacionais e punto de destino de multinacionais. Nestes días tiven a oportunidade de visitar a ampliación do complexo Inditex en Arteixo. ¿Cál é a orixe dese modelo empresarial que causa a admiración de todo o mundo? Unha boa xestión, perspicacia para descubrir as demandas do mercado, pero así mesmo un espírito emprendedor que os galegos teñen de maneira especial. Estamos, pois, diante dun milagre que leva o selo da galegitude.

Recentemente tamén, asinamos un acordo coa compañía mexicana Pemex para realizar diversas inversións en Galicia. O acordo demostra que a cuarta petroleira do mundo confía en nós, pero non ignoro igualmente que o vencello de México cos galegos inflúe de xeito decisivo.

A galegitude que aquí representades ten un inmenso valor sentimental, un enorme caudal humano e un importante peso económico, que se demostra nesas asociacións empresariais galegas que traballan en Arxentina, Uruguai, Brasil, Panamá, Costa Rica, Venezuela, Portugal, Andorra, País Vasco, Madrid e Cataluña.

A Galicia universal non é cousa do pasado. É cousa do futuro. Para que esa Galicia supraterritorial que está alí onde hai un galego aproveite os novos tempos, ten que contemplar as novas fórmulas de asociacionismo, e afrontar o reto da unidade. As redes sociais, as formulas de cooperación xuvenil, as novas organizacións solidarias, son fenómenos aos que a nova



X Pleno do Consello de Comunidades Galegas

Santiago de Compostela

28 e 29 de xuño de 2012

galegidade non pode estar allea. Non o está, pero é necesaria unha implicación incesante que manteña o vencello coas novas xeracións que queren participar, co seu estilo, no proxecto universal do noso país.

Para facer compañía a ese Vicente Risco que teimaba na grandeza de Galicia, compre convidar ao emigrante Curros Enríquez que dedicou á <unión dos bos galegos> un dos seus himnos máis resoantes. Nos trinta últimos anos, pasamos de 150 a máis de 500 entidades.

Esa evolución reflicte unha situación onde a pluralidade era o valor esencial. Ségueno sendo, sempre que o saibamos combinar coa cooperación e a unidade. Esa Galicia universal non será forte con asociacións que meramente sobreviven, senón con comunidades asentadas en institucións que dean respostas aos problemas de hoxe.

Confío en que iso se logre. Un instrumento para facelo é ese Anteproxecto de Lei da Galegidade que vai ser discutido nesta xuntanza do Consello de Comunidades Galegas e que a Xunta está promovendo con tres obxectivos fundamentais:

- (1) En primeiro lugar, actualizar e regular a participación das novas entidades que xurdiron nestes últimos 30 anos, con especial atención a fomentar a participación da xuventude e da muller no ámbito da galegidade.
- (2) En segundo lugar, fomentar os procesos de unión ou fusión das comunidades e entidades galegas, porque estamos convencidos de que a través da cooperación se farán máis fortes.
- (3) E en terceiro lugar, reforzar a orientación económica das entidades, conscientes de que teñen un papel na internacionalización da economía galega.

Nela terán cabida as inqedanzas, desexos e aspiracións da Galicia universal á que queremos darlle pulo. Temos nas nosas mans unha ferramenta de extraordinario valo no mundo actual. Saibamos actualizala e utilizala.

Se o facemos, esa Galicia identificada co mundo que inspiraba a Vicente Risco, seguirá sendo unha realidade. Vos sodes a demostración de que Galicia non é, non foi e nunca será pequena.

Moitas grazas.



ANEXO III

INTERVENCIÓN SECRETARIO XERAL DA EMIGRACIÓN

**INAUGURACIÓN X PLENO DO CONSELLO DE COMUNIDADES
GALEGAS NO EXTERIOR.**

SANTIAGO DE COMPOSTELA A 28 DE XUÑO DE 2012



X Pleno do Consello de Comunidades Galegas

Santiago de Compostela

28 e 29 de xuño de 2012

Queridas e queridos amigos, benvidos a Capital de Galicia que nestes días, adquire a categoría de Capital da Galegüidade Universal.

Teño a fortuna e a honra de poder dirixirme a este Pleno no último ano desta lexislatura, igual que o puiden facer no comezo da mesma. Polo tanto esta intervención centrarase no acontecido no ámbito da galegüidade nestes tres anos, marcados pola incidencia que a crise económica mundial tivo e está tendo sobre a economía de Galicia.

Quero darvos as grazas, a todos vos, as vosas entidades e aos vosos asociados, por apoiar os esforzos desta Secretaría Xeral por manter as políticas socioasistenciais cara aos galegos en situación de necesidade como eixe de traballo esencial desta administración. Teño que dicir neste foro da galegüidade que nestes tres anos de traballo non houbo críticas efectuadas dende as comunidades galegas no mundo a esta decisión de dirixir unha parte substancial dos nosos esforzos en protexer aos máis desfavorecidos, aos máis necesitados da solidariedade de Galicia, do seu pobo e do seu Goberno.

Debo felicitar publicamente neste Consello da Galegüidade ás entidades que traballades cos galegos do exterior menos favorecidos. Facedes un traballo diario e calado cos nosos maiores, coas familias galegas en situación de precariedade, cos enfermos, cos abandonados, con aqueles que buscando mellorar a súa situación persoal e a das súas familias foron vítimas das circunstancias da vida. Sen dúbida, representades o mellor da nosa sociedade.

A importancia clave da vosa labor debe ter o apoio decidido e concreto da administración galega. Non aforraremos recursos a vosa conta e estaremos sempre abertos a prestar a axuda necesaria para atender necesidades que non teñen espera, porque son as necesidades das fillas e os fillos de Galicia.

A galegüidade cimentouse sobre a base da solidariedade e, neste foro quero que todas as comunidades galegas do mundo e, especialmente aquelas que estades encravadas nos países desenvolvidos teñades a vosa mirada posta tamén nas comunidades residentes en países en desenvolvemento.

Non só os pido comprensión cara a Administración á hora de fixar os recursos dedicados a atender as necesidades socio-asistenciais da galegüidade. Pídvos que miredes tamén polos nosos irmáns menos favorecidos, que sexades os seus valedores e que axudedes, na medida das vosas posibilidades, a fortalecer esta rede de solidariedade que é exemplo para outros países europeos e para as comunidades autónomas españolas.

Á hora de axustar os nosos orzamentos, debo sinalar que o maior esforzo fíxose na redución dos gastos correspondentes ao traballo da propia Secretaría Xeral: representación, gabinete, gastos de viaxe, etc..., de tal xeito que o efecto deste axuste repercutira na menor medida posible sobre as accións e necesidades das comunidades galegas.

Son consciente dalgunhas renuncias que tivestes que facer na vosa programación de actividades, proxectos e iniciativas, tamén son consciente, igual que vós, que máis de 60.000 galegos residentes no exterior gozan de mellor calidade de vida grazas a vosa solidariedade.



X Pleno do Consello de Comunidades Galegas

Santiago de Compostela

28 e 29 de xuño de 2012

Foi esta unha lexislatura de axustes necesarios no gasto público, encarados polo Goberno de Galicia, dende a súa toma de posesión no ano 2009, e que situaron a nosa Comunidade nun horizonte de estabilidade orzamentaria e de control do déficit público que abre perspectivas que garantirán o necesario e esperado crecemento económico na próxima lexislatura.

Este esforzo por estabilizar a nosa economía, por facer da eficiencia económica e da austeridade unha cultura da nosa sociedade é unha tarefa que nos incumbe a todos: as administracións públicas galegas, a sociedade civil e cada un de nos como cidadáns. As nosas esencias sociolóxicas e as leccións aprendidas por Galicia e os galegos na nosa historia nos conforman como un pobo austero no gasto, previsor no uso dos recursos e có traballo como esencia do noso desenvolvemento. Galicia é unha terra produtiva e os galegos somos un pobo caracterizado como traballador, honrado e austero.

Voltar a esas esencias é a mellor arma para afrontar estes difíciles momentos coa seguridade de que Galicia, España e Europa sairán reforzadas desta crise e con garantías suficientes para asegurar un futuro de estabilidade e crecemento para nós e os nosos fillos.

Este é o momento de sumar esforzos e de dar un valor engadido as nosas capacidades como pobo, e alí., vos, as comunidades galegas residentes no exterior tendes un papel que xogar fundamental. Este é o momento en que a historia nos pon diante dun reto como pobo. Hoxe Galicia os necesita.

Entre todos debemos fortalecer a presenza da nosa Comunidade no exterior, fixar a “marca Galicia” no subconsciente colectivo das vosas sociedades de acollida, facer da galeguitude un eixe da diplomacia pública de Galicia, internacionalizar a nosa economía, garantir que os nosos produtos estean presentes e compitan nos mercados internacionais, investir na nosa terra e nas súas capacidades produtivas, amosarnos as claves de entrada nos países que os acolleron e presentar as nosas potencialidades como pobo moderno e desenvolvido, traballador e socio cumpridor.

Galicia vos necesita para facer Galicia, para seguir construíndo un país de todos e para todos. Galicia conta cos seus fillos e o seu futuro está nas mans de todos, dos de dentro e dos de fora.

Esta construción constante dun país, ten que ter o seu reflexo no eido cultural da Galicia exterior. As comunidades galegas foron as garantes de que a cultura e a lingua de Galicia, nos anos escuros do pasado século, seguira florecendo e, instrumentalizaron a posibilidade de xerar unha industria cultural que mantivera viva a nosa lingua como canal de transmisión dos nosos valores e as nosas esencias e como ferramenta de construción dunha cultura propia e diferenciada.

Hoxe, o mundo da cultura de Galicia está a pensar que papel de papel debe desenvolver a nosa cultura neste século XXI. Quero destacar e recoñecer o papel do Consello da Cultura Galega nesta busca do fortalecemento dun espazo cultural galego propio, dinámico, con capacidade de xerar unha industria cultural en Galicia e que reforce o posicionamento de Galicia na escena cultural mundial.

Como no resto dos grandes temas que afectan á galeguitude, a cultura é un feito humano en evolución e transformación constante. Están a xurdir novas manifestacións culturais e novas formas de expresión dos nosos valores culturais por parte de galegas e galegos de segunda e terceira xeración aos que debemos abrir un espazo no que amosar as súas creacións.



X Pleno do Consello de Comunidades Galegas

Santiago de Compostela

28 e 29 de xuño de 2012

É o noso compromiso apoiar o coñecemento e uso da lingua galega por parte das nosas comunidades e a expresión cultural tradicional e actual en tódalas súas manifestacións.

Precisamente este é o momento de mellorar e dar forma a Lei que rexe a especial relación entre o pobo de Galicia e as comunidades galegas do exterior. A Xunta de Galicia esta a desenvolver o anteproxecto de Lei da Galeguidade, da que todos sodes coñecedores. Esta tarde comeza un debate esencial da galeguidade para dar forma final á proposta que o Goberno de Galicia quere enviar ao noso Parlamento para a súa aprobación.

A Lei da Galeguidade non busca trastornar o ámbito normativo que rexeu o noso camiñar nos últimos 30 anos. Busca adaptar este texto a realidade actual da galeguidade e aspira a dar maior protagonismo as comunidades galegas como referente esencial da relación entre a Galicia exterior e o pobo de Galicia e clarificar e dar voz a tódalas entidades xurdidas dende a promulgación, no ano 1983, da Lei de Recoñecemento da galeguidade.

A realidade da Galicia exterior non é un feito deseñado nin programado dende as administracións públicas de Galicia, é un feito histórico que xurde de vos mesmos e do constante camiñar dos galegos por terras alleas que non estrañas. A nosa obriga, como administración é contemplar esta realidade e, contando coa vosa opinión e participación, definir o marco normativo sobre o que seguir camiñando e fortalecendo esta relación universal de Galicia co seu pobo no exterior.

As entidades que traballan no ámbito da galeguidade se acercan as 500, iso supón que nos derradeiros 30 anos multiplicouse case que por 3 o total de asociacións de galegos no exterior. Algunhas delas cumpren con todos os requisitos necesarios para recoñecer a súa galeguidade e ser integradas como comunidades galegas neste espazo de debate e reflexión.

Tamén hai comunidades galegas que ben desapareceron ou están en situación de desaparecer, hai comunidades que languidecen por falta de renovación dos seus asociados ou directivos.

Actualizar a galeguidade é unha premisa formulada tanto dende o mundo asociativo dos galegos do exterior como dende a administración galega. Dimensionar o noso espazo asociativo é unha tarefa conxunta, na que a administración galega quere contar cos órganos de representación da galeguidade. Esta proposta lexislativa contempla como preceptivo os informes do Consello de Comunidades Galegas á hora de recoñecer ou revogar o recoñecemento da galeguidade as entidades galegas.

Esta proposta lexislativa, non suprime un só dereito das comunidades galegas contemplados na Lei de 1983 e engade e desenvolve os dereitos na relación económica entre a Galicia territorial e a Galicia exterior. Non é unha ocorrencia do momento, nin é reinventar a galeguidade. Históricamente a implicación das comunidades galegas no desenvolvemento produtivo e económico de Galicia foi esencial e, neste momento volve a ser esencial a implicación da galeguidade no futuro desenvolvemento da economía do noso país e do noso pobo.

Expresamos a nosa total certidume sobre a necesidade de emprender, por parte das entidades, un proceso de unión ou fusión das mesmas. É certo que a Galeguidade naceu como fenómeno microsocietario e de feito este fenómeno é particular e propio da emigración galega. Tamén é igualmente certo que pronto as entidades comprenderon que para ser fortes deben unirse, emprender proxectos mais ambiciosos e gañar identidade sobre o concepto Galicia. Exemplos como a Hermandad Gallega de Venezuela, o Centro Gallego de México, ou o Centro Galicia de Bos Aires son clarificadores do que podemos chegar a alcanzar unindo os nosos esforzos e traballos.



X Pleno do Consello de Comunidades Galegas

Santiago de Compostela

28 e 29 de xuño de 2012

Dende o respecto á autonomía e soberanía das entidades, como administración galega, promoveremos e apoiaremos os procesos de unión ou fusión e velaremos porque as esenciais locais, parroquiais ou municipais que conformaron o espírito das entidades a unir, sigan vivas tras a unión.

A unión de entidades debe ser un fenómeno natural, acordado voluntariamente e con proxección ao futuro. Galicia necesita referentes fortes na emigración e racionalizar e dotar de eficiencia aos seus esforzos orzamentarios e investimentos na Galicia exterior.

Galicia segue a defender o dereito dos galegos residentes no exterior a vivir o noso desenvolvemento como sociedade democrática coas mesmas garantías que os galegos residentes dentro das nosas fronteiras.

A Secretaría Xeral da Emigración deu cumprimento nestes tres anos a maioría das conclusións e recomendacións feitas polo IX Consello de Comunidades Galegas.

A reforma da Lei da Recoñecemento da Galeguidade, que hoxe comezaremos a debater, as melloras nos espazos de comunicación da Comisión Delegada coas comunidades galegas, a celebración dos Congresos da Xuventude Galega no exterior, que tiveron lugar tanto en América como en Europa e xornadas de capacitación en habilidades directivas para mozas e mozos galegos, o fomento dos procesos de unión e fusión de entidades, a defensa institucional dunha participación electoral dos galegos do exterior en igualdade co resto da cidadanía galega, a protección a acción socio-asistencial das entidades e o mantemento das axudas asistenciais individuais, a extensión da tarxeta sanitaria "Galicia Saúde Exterior" por case que tódolos países americanos con presenza significativa de colectividade galegas son algunhas das vosas demandas que pasaron a formar parte das liñas de traballo desta Secretaría Xeral.

Houbo outras tarefas sinaladas por vos e que, o necesario axuste orzamentario, impediunos abordar. A necesidade de afondar no estudo do fenómeno migratorio é unha delas e, neste próximo ano, e da man do Consello da Cultura Galega comezaremos un estudo sobre a emigración galega a Europa, área esquecida nos estudos migratorios dos últimos anos.

Así mesmo seguemos traballando coordinadamente cos órganos da Xunta de Galicia encargados da modernización tecnolóxica da nosa administración para configurar un sistema de e-administración que facilite a tramitación de subvencións e axudas por parte das comunidades galegas e acerque a administración pública aos cidadáns dentro e fora de Galicia.

Así mesmo a Xunta de Galicia quere seguir desenvolvendo a súa función de canal de transmisión das inquiredanzas e necesidades dos galegos residentes no exterior cara a outras administracións con competencias en materia de emigración, fundamentalmente co Goberno de España. Nestes tres anos moitas foron as iniciativas de Galicia para mellorar a cantidade e calidade das prestacións do Goberno de España cara aos cidadáns galegos no exterior.

Anímovos a ser protagonistas deste encontro, a debater e consensuar as vosas opinións sobre os principais temas que afectan aos máis do 1.000.000 galegos que vivides fora da nosa comunidade.

Anímovos a ser ambiciosos ao imaxinar e construír o futuro da Galicia exterior, esixentes na defensa do que nos é propio e solidarios cos mais desfavorecidos.



X Pleno do Consello de Comunidades Galegas

Santiago de Compostela

28 e 29 de xuño de 2012

En definitiva espero que este X Consello de Comunidades Galegas renove as ilusións dunha sociedade galega que se constrúe dende múltiples espazos físicos e espirituais e dun pobo –o galego- que percorre unha mesma senda por múltiples camiños. Un pobo que percorre o camiño das estrelas como fixeron tantos peregrinos que conformaron a identidade europea.

Grazas por todos os vosos esforzos e os meus mellores desexos para este traballo que hoxe comeza.

Grazas, moitas grazas



ANEXO IV

CONTIDO DOS RELATORIOS



ANEXO V

INTERVENCIÓN SECRETARIO XERAL DA EMIGRACIÓN

CLAUSURA X CONSELLO DAS COMUNIDADES GALEGAS

29 DE XUÑO DE 2012



X Pleno do Consello de Comunidades Galegas

Santiago de Compostela

28 e 29 de xuño de 2012

Distinguidos membros da Comisión Delegada do Consello de Comunidades Galegas saínte

Distinguidos membros da Comisión Delegada do Consello de Comunidades Galegas entrante.

Benqueridos representantes das comunidades galegas presentes neste X Consello de Comunidades Galegas.

O Foro da galegitude, o espazo de debate e coñecemento da Galicia exterior está a piques de rematar. Dous días de intenso traballo que configurarán o desenvolvemento da galegitude nos próximos tres anos.

Podedes sentirvos lexitimamente orgullosos das vosas achegas e contribucións que, contribuirán a deseñar novos espazos e camiños polos que transitar nesta senda imperecedera que coñecemos como Galicia Universal.

Como en cada Consello celebrado comprimimos moita reflexión en pouco espazo temporal. Todos estamos cansos pero coa satisfacción do deber cumprido. Destes o mellor de vos e, as conclusións extraídas dos debates mantidos nos diferentes relatorios enriqueceran o traballo da Comunidade Autónoma de Galicia e das vosas institucións nos próximos anos. Os nosos emigrantes, os cidadáns galegos do exterior poden sentirse orgullosos de tan dignos representantes.

Síntome plenamente satisfeito de que os membros das comunidades galegas que analizaches o anteproxecto de Lei da Galegitude enriquecerades este texto con oportunas e significativas achegas. Quero resaltar, neste foro da Galicia exterior a vosa sensibilidade e solidariedade co Centro Galego de Bos Aires que, tan penosos momentos está a pasar.

A práctica unanimidade no apoio amosado a este proxecto lexislativo é sinal inequívoca da sintonía entre a Administración de Galicia e as Comunidades Galegas no exterior. Adecuar a Lei de 1983 aos novos tempos que estamos a vivir e configurar os espazos futuros nos que transitará este movemento asociativo e é mostra da madurez alcanzada nas relacións entre a Galicia territorial e a Exterior.

A necesaria participación da muller e da xuventude no eido da galegitude, a comprensión xeral da necesidade de emprender procesos de unión e fusión nas áreas xeográficas que o demandan e o compromiso das comunidades galegas na proxección exterior e internacionalización da economía de Galicia, son eixes básicos da nosa actuación que ten o seu reflexo neste texto lexislativo.

Un tempo novo se achega á galegitude e, hoxe, dotámonos dunha ferramenta esencial para afrontar novos retos e alcanzar vellas aspiracións. Xuntos somos mais fortes, xuntos chegamos mais lonxe, xuntos facemos mais pobo, facemos unha Galicia digna de ser entregada aos nosos herdeiros.

Sinalastes a necesidade de institucionalizar a memoria histórica da emigración e os valores que aportou non só a Galicia senon que tamén as sociedades que os acolleron.

A cultura galega se constrúe día a día queredes ser parte integral dese proceso que nos configura como un pobo asentado nas súas raíces e con vocación de proxección nas sociedades desenvolvidas.



X Pleno do Consello de Comunidades Galegas

Santiago de Compostela

28 e 29 de xuño de 2012

Asumistes o reto de ser actores da proxección económica da nosa Comunidade, estou seguro que este camiño dará os seus froitos mais pronto que tarde. Nesta responsabilidade teredes sempre ao Goberno de Galicia ao voso carón.

Somos conscientes da necesidade de pasar do dito ao feito na integración efectiva da xuventude e da muller na vida das vosas sociedades, este fenómeno é global, afecta a todas as sociedades humanas e provocará, sen dúbida, unha das mais importantes transformacións na civilización humana.

A sensibilidade que tendes con respecto aos galegos menos favorecidos os sinala entre os “Bos e xenerosos” que canta o noso himno. Esta tarefa cotián é esencial, irrenunciable e inaprazable. Levades moitos anos abordándoa e amosando o mellor do carácter galego como pobo solidario. Somos irmáns e como bos irmáns nos comportamos.

Quero agradecer o traballo realizado polos membros da Comisión Delegada que acaban de rematar o seu mandato. Fostes dignos representantes das vosas comunidades e destes o mellor de vos nestes tres anos de esforzos, sacrificio e entrega desinteresada polos demais. Estaredes sempre no meu recordo e sempre estarei en débeda con vos.

Aos representantes das entidades electas para este novo período deste órgano, felicítovos pola vosa elección. Quero facer extensiva esta felicitación ao Pleno do Consello por responder con prontitude a un dos temas esenciais da nosa galeguitude e escoller a dúas mulleres que enriqueceran o debate e traballo na Comisión Delegada. Hoxe as galegas e os galegos do exterior camiñan no xusto recoñecemento da necesaria participación activa da muller na construción desta Galicia Universal. A sociedade galega recoñecerá esta actitude que, sen dúbida, enriquecerá á galeguitude nos tempos vindeiros.

Tamén os quero sinalar, a este órgano permanente de reflexión e debate a necesidade de traballar na concreción do desenvolvemento regulador da Lei da Galeguitude, unha vez está sexa aprobada polo Parlamento de Galicia.

Quero agradecer diante de todo vos, o traballo realizado polos funcionarios e persoal da Secretaría Xeral da Emigración. Sabede que elas e eles deron o mellor de seu para que a vosa estancia en Santiago sexa o máis cómoda posible e os vosos traballos neste Consello frutíferos. Queridos compañeiros moitas grazas por superar con creces o que se esperaba de vos.

Desculpade os erros que puidemos cometer. Somos humanos e como humanos nos equivocamos, aínda que polos vosas amables verbas, sei que, en conxunto apreciades os nosos esforzos e valorades o traballo feito.

Non me despido ata dentro de tres anos porque sei que mañá seguiremos traballando xuntos para construír Galicia, a Galicia eterna, a Galicia universal que se espalla a través das terras e os mares deste planeta que acolle a un pobo peregrino, único e orgulloso do que é. Mañá, galegos, seguiremos cos esforzos cotiáns. É o que sabemos facer. Viver como galegos e amar a Galicia.

Grazas, moitas grazas.